

A ESCOLA DA VIDA

Diglosia educativa

20.03.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

A algúns, a palabra diglosia seralle totalmente nova ou, cando menos, non a verán aplicable na Galicia actual. Porén, a outros, aos que vivimos en carne propia as circunstancias difíciles polas que tivo que atravesar o galego para que fose respectado e recoñecido como lingua e que tivemos que loitar contra os que o ningueaban acolléndose á educación uniformadora do franquismo, non o é.

Hai unhas semanas, faláballes da cultura dos cultoretas representandoa no conselleiro do ramo, que se atreveu a cualificar, desde unha superficialidade vergoñenta, á cultura galega de ensimesmada e pouco transcendente, e que pouco despois confirmou o que para moitos xa era unha evidencia: o seu descoñecemento cultural de Galicia, cando permutou o topónimo da pequena vila de Touro polo da cidade zamorana de Toro e mandou os sobradeses ao faiado.

Agora tócalle, outra vez, ruborizarnos do seu *alter ego* na Consellería de Educación, que nos propón no seu decreto bilingüista que o ensino das materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias da Natureza e Bioloxía e Xeoloxía se impartan en galego, mentres que ao castelán lle deixa as das Matemáticas, Tecnoloxía e Física e Química.

Desde o punto de vista educativo, esta é unha división moi ordinaria, pois o coñecemento das materias estrutúrase en función das capacidades dos alumnos e non desde a lingua en que se transmitan. Ou é que un chinés vai aprender mellor as matemáticas por que llas impartan en chinés que un belga por que llas transmitan en flamengo?

Cando se descoñecen os principios básicos da aprendizaxe e se utiliza unha ideoloxía mal concibida e peor asentada como elemento dos presupostos educativos só se pode esperar que se obre dun xeito tan inconsistente.

Esta actuación tan anódina de representar a nosa educación lémbreme unha ocorrencia que tiveran os mandos do exército americano durante a Segunda Guerra Mundial. Eles presumiran que os aviadores xaponeses ían errar moitas veces no branco debido a que tiñan os seus ollos case pechados, o que lles impediría ver con claridade os obxectivos que deberían atacar. Pero cando lles empezaron a afundir barcos e a abater avións un detrás doutro cambiaron radicalmente de opinión. Quizais iso é o que lle quede ao conselleiro se non quere traer a colación épocas e diatribas totalmente superadas.